



AS MULLERES NO MERCADO DE TRABALLO

2025



XUNTA
DE GALICIA

EDITA

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Subdirección Xeral de Coordinación, Avaliación e Seguimento de Programas
Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo

ELABORA

Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo
Santiago de Compostela 2026

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. A PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO

2.1 O papel da muller na creación de emprego

2.2 Poboación: Evolución

2.3 Actividade:

2.3.1 Evolución

2.3.2 Segundo o nivel de estudos

2.4 Ocupación:

2.4.1 Evolución

2.4.2 Segundo os sectores económicos

2.4.3 Segundo a situación profesional

2.4.4 Segundo a actividade económica

2.4.5 Segundo os grandes grupos ocupacionais

2.5 Paro: Evolución

2.6 Inactividade: Evolución

2.7 Comparativa con España: taxas

2.8 Contratos rexistrados

3. SALARIOS

4. AS MULLERES NA EDUCACIÓN

4.1 Elección de estudos:

4.1.1 Universitarios

4.1.2 Formación profesional

4.2 Abandono educativo temperán



1. INTRODUCCIÓN

A maior participación da muller nos diferentes ámbitos laborais é un feito social de particular importancia. A conciliación da vida laboral e familiar foi o punto de partida para comezar a revertir a desigualdade que viña existindo entre homes e mulleres. Moitos foron os avances acadados nos últimos anos polas mulleres galegas a nivel social e laboral.

Os cambios máis importantes reflíctense no aumento da poboación activa feminina e na súa incorporación ao mercado de traballo, o que provocou evidentes logros a nivel social e cultural. Isto tradúcese nun incremento da taxa de actividade feminina das mulleres de 16 a 64 anos en máis de 13 puntos nos últimos vinte anos. Ademais, no sistema educativo a taxa de escolaridade das mulleres é superior en case todas as idades á dos homes, incluída a educación universitaria, excepto nas carreiras técnicas.

Unha breve pincelada do contexto socioeconómico actual permítenos constatar esta nova realidade e extraer as seguintes conclusións:

Durante este último ano continuouse avanzando cara a unha maior igualdade: en 2025, as fendas de xénero en termos de taxa de actividade, emprego e paro foron reducíndose progresivamente.

A pesar da importancia destes fenómenos, existen aínda en Galicia, tanto nos sectores de actividade como nas profesións, unha considerable segregación por sexo, e as mulleres seguen ocupando, en xeral, categorías profesionais de menor cualificación, remuneración e prestixio social, tendo tamén máis incidencia neste colectivo o traballo temporal e a tempo parcial.

O Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, analiza neste informe unha serie de variables que inciden na estrutura do mercado laboral feminino, así como os principais parámetros que miden a súa realidade socioeconómica. O propósito do estudo é ofrecer un panorama recente da situación e do comportamento das mulleres neste ámbito a través da súa participación nos principais indicadores de emprego.

2. A PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO




2.1 O PAPEL DA MULLER NA CREACIÓN DE EMPREGO

NUNCA HOUBO TANTAS MULLERES TRABALLANDO EN GALICIA COMO NESTE ANO 2025

O ano 2025 rematou en Galicia con 7.752 mulleres máis afiliadas á SS¹, un crecemento do 1,46%, algo inferior ao reflectido entre o colectivo masculino (1,51%). Neste ano rexistrouse o máximo de mulleres afiliadas de toda a serie histórica na nosa comunidade (agosto de 2025: 543.096), e Galicia chega a xaneiro de 2026 coa cifra máis alta de afiliacións femininas para este mes, 534.419.


A diferenza do que ocorre entre o xénero feminino, os mellores niveis de emprego entre os homes déronse durante a expansión económica previa á crise xeneralizada. Mentres en xullo de 2008 había 608.374 homes afiliados, na actualidade esta cifra rebáixase ata os 550.209. A crise de 2008 afectou, principalmente, sectores moi masculinizados, como a construción, polo que o impacto entre o emprego feminino, aínda que foi importante, deuse dun xeito menos intenso. De feito, o emprego masculino perdido durante estes anos (xullo de 2008-xaneiro de 2014: -144.758 postos de traballo) non se volveu recuperar. É durante estes anos cando as dúas series de afiliación por sexo comezan a reducir a súa distancia. De feito, en xaneiro de 2026, a paridade no que se refire á afiliación entre ambos os sexos é case total.

GALICIA OCUPA O 2º POSTO ENTRE AS 17 CCAA NA PROPORCIÓN DE MULLERES COTIZANTES RESPECTO AO TOTAL DE AFILIACIÓNS (DESPOIS DE ASTURIAS) E SUPERA EN CASE DOUS PUNTOS AO ESTADO



Fonte: TXSS

Peso da afiliación por sexo. Xaneiro 2026



Fonte: TXSS

¹ Neste apartado úsase a serie de afiliacións no último día do mes que comeza en 2002.

2.2 POBOACIÓN: EVOLUCIÓN

A POBOACIÓN MAIOR DE 16 ANOS FEMININA ESTÁ A AUMENTAR ININTERROMPIDAMENTE DENDE 2019


A poboación feminina en Galicia de 16 e máis anos aumentou en 7.100 mulleres no último ano ata as 1.250.600, grazas ás mulleres estranxeiras (+16.300), xa que a poboación feminina nacional diminuíu (-9.200).

Nesta tesitura, as mulleres de 65 e máis anos pasaron de representar o 28,07% da poboación feminina de 16 e máis anos no cuarto trimestre de 2010 ao 32,95% en 2025 (aumentando 0,23 puntos respecto ao ano anterior), unha proporción máis elevada que entre os homes (27,72%) e a moita distancia do que ocorre no Estado, onde a proporción de mulleres de máis de 64 anos acada o 26,39% (6,56 puntos menos que en Galicia).


Dende 2010 a poboación feminina de 16 a 24 anos descendeu en 5.300 persoas, aínda que está a remontar nos últimos anos, a de 25 a 44 anos perdeu 124.800, mentres que os tramos de máis idade aumentan poboación: as mulleres de 45 a 64 aumentan en 66.600 e as de 65 e máis incrementáanse en 60.100. Na variación anual con respecto a 2024, a tendencia segue a ser a mesma.

O grupo de idade das mulleres entre 25 e 44 anos é o que máis se resente en perda de efectivos, en caída dende 2010. En concreto, perdeu o 30% da súa poboación.

Neste contexto de envellecemento da poboación, máis marcado entre as mulleres que entre os homes, a idade media da maternidade en Galicia elévase por riba dos 30 anos, sendo en 2024 de 33,28 anos, á vez que o indicador conxuntural de fecundidade se sitúa en 2024 en 0,92 fillos nas mulleres galegas, e en 1,26 nas mulleres que residen en Galicia e teñen nacionalidade estranxeira.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en miles de persoas.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

2.3.1 ACTIVIDADE: EVOLUCIÓN


A POBOACIÓN ACTIVA FEMININA E A TAXA DE ACTIVIDADE DE 16 A 64 TOCAN TEITO EN 2025

A taxa de actividade das mulleres entre 16 e 64 anos ascende 2,65 puntos porcentuais en 2025 e alcanza o 74,57% no cuarto trimestre, a cifra máis alta publicada (2002). Unha taxa superior en 2,27 puntos á rexistrada no conxunto do Estado que é do 72,30%. A diferenza da taxa de actividade de 16 a 64 anos entre homes e mulleres en España é de 7,78 puntos a favor dos homes, mentres que en Galicia esta fenda se reduce considerablemente, e a diferenza a prol dos homes é de 2,48 puntos.


A actividade feminina tivo en xeral unha tendencia ascendente nos últimos 20 anos, freada en 2020 polo estalido da pandemia, pero xa recuperada en 2022 con niveis superiores aos prepandémicos. Ao mesmo tempo, a diferenza con respecto á taxa de actividade dos homes reduciuse notablemente, pasou de ser de 15,09 puntos porcentuais en 2006 a 4,51 en 2024 e a 2,48 en 2025 (referida aos IV trimestres do ano).

A cifra de mulleres activas crece no último ano en 26.300 (+4,25%) ata as 644.900, a cifra máis alta de mulleres integradas no mercado de traballo galego de toda a serie histórica, nos homes produciuse un aumento máis modesto do +0,76%.


As mulleres activas en España creceron anualmente un 2,32%, é dicir, case 2 puntos menos que as mulleres activas en Galicia.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en %.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en %.




Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en miles de persoas.

2.3.2 ACTIVIDADE: SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


ELEVADA PRESENZA DA MULLER ENTRE OS ACTIVOS DE MAIOR CUALIFICACIÓN

O nivel educativo feminino tende a elevarse, con predominio dos niveis educativos máis altos. Deste xeito, en 2025, máis da metade das mulleres activas teñen estudos superiores (54%), e o 43,3% estudos secundarios. Con respecto ao ano pasado, estas porcentaxes mudaron: aumentou a proporción de mulleres en estudos superiores en 0,2 puntos e diminuíu entre os estudos secundarios.

As mulleres están consolidadas no mercado de traballo nos niveis educativos máis altos, cunha tendencia estable: o 57,4% das persoas activas con estudos superiores en 2025 son mulleres. Paralelamente nos niveis educativos máis baixos o seu peso é inferior (40,64%), fronte ao 59,36% do colectivo masculino. Esta situación é o resultado do cambio na estrutura da man de obra feminina cara a un nivel cada vez máis elevado de cualificación. Situación moi semellante á que ocorre no conxunto do Estado, aínda que con diferenzas no relativo aos estudos superiores, onde a proporción de mulleres é en Galicia superior en máis de catro puntos.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres.



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

2.4.1 OCUPACIÓN: EVOLUCIÓN

O 95% DO EMPREGO NETO CREADO NO ÚLTIMO ANO FOI FEMININO


Galicia conta no cuarto trimestre 2025 con 590.000 mulleres ocupadas, despois de ascender no último ano en 32.100, un +5,75%. Trátase do récord de traballadoras femininas de toda a serie histórica (dende 2002). Os homes ocupados aumentaron a moito menor ritmo, concretamente a un +0,27%. Isto supón que no último ano as mulleres son as responsables do 95% do incremento neto do emprego en Galicia. As mulleres ocupadas a finais de ano representan o 49,71% do total, fronte ao 50,29% que representan os homes, é dicir, tan só 0,58 puntos porcentuais de diferenza, practicamente converxen en número.

A taxa de ocupación feminina (16 a 64 anos) foi de 68,11 no 4º trimestre de 2025 e creceu en 3,38 puntos con respecto ao 4º trimestre de 2024.

Este incremento constante e sostido dos últimos anos (interrompido en 2020 pola pandemia) lévanos en 2025 ata a cifra máis alta dende que hai rexistros (2002). De feito, se nos centramos nos últimos 16 anos, atopamos un incremento de case 12 puntos con respecto ao ano 2009.


Ao mesmo tempo, a diferenza con respecto á taxa de ocupación dos homes reduciuse en 10 puntos, pasando de representar 12,35 puntos diferenciais en 2009, ata os 2,63 puntos que se rexistraron neste ano 2025. Esta fenda é moito máis acusada no conxunto do Estado, onde a diferenza con respecto á taxa de ocupación masculina é de 8,91 puntos.

Taxa de ocupación por sexo (poboación de 16 a 64). Galicia



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en %.

Poboación ocupada segundo o sexo. Galicia



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en miles de persoas.

2.4.2 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS SECTORES ECONÓMICOS


PREEMINENCIA DO SECTOR SERVIZOS

As mulleres seguen a empregarse maioritariamente en actividades económicas propias do sector terciario. O volume de emprego feminino neste sector é cerca de seis veces superior á suma das mulleres ocupadas nos outros tres sectores, séguelle en importancia o sector secundario, con preto do 10% do total da ocupación feminina. As mulleres ocupadas no sector primario son menos do 4% do total das ocupadas, mentres que no caso da construción a porcentaxe de ocupación apenas sobe do 1%.

O sector dos servizos é o único no que a ocupación feminina supera á masculina. Ao remate do ano 2025 hai en Galicia 503.400 mulleres ocupadas no sector dos servizos, mentres que os homes acadan un volume de 344.400, é dicir, unha diferenza de 159.000 a favor das mulleres.


O comportamento da ocupación sectorial feminina nos catro últimos anos reforza a importancia do sector dos servizos, que suma 66.100 novas ocupadas. O incremento do emprego feminino tamén alcanzou ao resto de sectores, agás o primario. A construción, que é o sector máis infrarrepresentado entre as mulleres, rexistrou un avance de 2.700 novas ocupadas. A industria tamén incrementou emprego feminino en 5.700. Pola contra, o sector primario rexistra unha perda de ocupación que afectou a 2.100 mulleres nos últimos catro anos.

Distribución da ocupación feminina por sectores (%). Galicia 2025T4




Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

Persoas ocupadas por sexo e sector. Galicia 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

Variación (2021T4-2025T4) das mulleres ocupadas por sector económico. Galicia



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

2.4.3 OCUPACIÓN: SEGUNDO A SITUACIÓN PROFESIONAL


PREEMINENCIA FEMININA NO SECTOR PÚBLICO

Tradicionalmente, a actividade emprendedora das mulleres foi inferior á dos homes. A actual estrutura profesional da poboación ocupada de Galicia amosa un 4,7% de empresarias con persoas asalariadas entre as mulleres ocupadas, fronte a un 6% no caso dos homes. O peso feminino tamén é menor no emprego autónomo; así, o 9,6% das ocupadas galegas son traballadoras independentes sen asalariados ao seu cargo, mentres que entre os homes esta proporción ascende ao 14,4%. Unha das causas desta menor ratio feminina son os compromisos familiares, que afectan en maior medida ás mulleres e dificultan o emprendemento.

Outro dos trazos distintivos da estrutura profesional das mulleres é a súa maior presenza no sector público: o 21,7% das ocupadas, fronte ao 13,6% dos homes ocupados. De feito, é o único ámbito no que as mulleres traballadoras (133.700) superan os homes (81.400).


Nos últimos catro anos medrou máis a ocupación entre as mulleres en todas as situacións profesionais (agás no caso das traballadoras independentes); este crecemento é especialmente salientable no sector privado e entre as empresarias, onde o incremento da ocupación feminina contrasta co descenso rexistrado entre os homes.

Situación profesional das persoas ocupadas por sexo.
Galicia 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

Variación da situación profesional por sexo. Galicia
(2021T4-2025T4)



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.


2.4.4 OCUPACIÓN: SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA

AS ACTIVIDADES DO SECTOR SERVIZOS MAIORITARIAMENTE COPADAS POR MULLERES

A industria conta con 56.400 mulleres ocupadas ao remate do ano 2025. Trátase do sector coa segunda maior representatividade do emprego feminino en Galicia. Dentro da industria, tanto na industria manufactureira como nas industrias extractivas, a presenza feminina sitúase lixeiramente por debaixo do 30%. A pesar desta subrepresentación feminina, o emprego industrial entre as mulleres galegas medrou en máis de 2.000 persoas no último ano.


No sector dos servizos é maioritaria a ocupación feminina na maioría das súas ramas de actividade. As actividades nas AAPP, así como as sanitarias e de servizos sociais, representan un peso no emprego do 70%. A presenza feminina nas actividades profesionais, científicas e técnicas é superior á masculina. Esta preeminencia das mulleres galegas en empregos de alto nivel de cualificación avala unha representatividade cada vez maior da muller no emprego de calidade.

% Mulleres s/total da ocupación nas ramas industriais. Galicia 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

% Mulleres s/total da ocupación nas ramas dos servizos. Galicia 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

2.4.4 OCUPACIÓN: SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA

CRECEMENTO NAS AAPP, EDUCACIÓN E ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS


Nos últimos catro anos destaca o incremento, dentro da ocupación feminina, de certas ramas de actividade:

O sector público é a actividade que máis ocupación feminina gaña neste período.

As actividades sanitarias e de servizos sociais, xunto coa educación, son actividades que están a rexistrar un forte incremento de ocupación feminina; xunto a elas tamén destacan as actividades profesionais, científicas e técnicas, así como as actividades administrativas e as de comercio e loxística, encadradas na epígrafe de transporte e almacenamento.


A educación e as actividades científico-técnicas requiren, en xeral, un nivel de cualificación medio-alto, mentres que as actividades administrativas, as de servizos sociais e a loxística adoitan englobar perfís profesionais cun nivel de cualificación inferior.

Ramas de actividade con maior crecemento da ocupación feminina.
Galicia (2021T4-2025T4)



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

Ramas de actividade con maior destrución de emprego feminino.
Galicia (2021T4-2025T4)



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

2.4.5 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS

MELLORA DA OCUPACIÓN FEMININA NO EMPREGO ALTAMENTE CUALIFICADO


A distribución feminina por ocupacións está moi concentrada en postos do sector servizos, xa sexan de alta cualificación, englobados no gran grupo 2 dos técnicos profesionais científicos e intelectuais (sobre todo na saúde e na ensinanza); de cualificación media, nos grandes grupos 4 e 5 (empregadas de oficina, hostalaría e comercio, e coidado de persoas); ou en servizos non cualificados, nas ocupacións elementais do gran grupo 9 (empregadas do fogar e da limpeza).

A poboación ocupada masculina, pola contra, ten unha menor presenza nos postos de cualificación medio-baixa do sector servizos, aínda que amosa unha maior presenza en ocupacións de cualificación medio-baixa encadradas na industria e na construción, como é o caso dos grupos 7 e 8. Tamén se observa unha maior presenza masculina nos postos de dirección e xerencia, onde as mulleres seguen a enfrontarse a un **"teito de cristal"**, é dicir, a barreiras invisibles que limitan o seu avance cara a postos de liderado.

O grupo ocupacional de alto nivel de cualificación, o gran grupo 2, rexistrou a maior creación de emprego feminino nos últimos catro anos, con 32.200 ocupadas máis. O grupo 3, referido ás técnicas e profesionais de apoio, cun nivel de cualificación medio-alto, medrou en 18.900 novas ocupadas. As mulleres están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de educación e especialización, cunha clara tendencia á alza.

2.4.5 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS

Persoas ocupadas por sexo nos grandes grupos ocupacionais.
Galicia 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

Variación ocupación feminina por grupos ocupacionais. Galicia (2021T4 - 2025T4)



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en miles de persoas.

2.5 PARO: EVOLUCIÓN

A MENOR TAXA DE PARO FEMININA NUN CUARTO TRIMESTRE DE TODA A SERIE HISTÓRICA


A partir do ano 2014 (aínda que en 2019 houbo unha lixeira subida), comezou a reducirse a taxa de paro feminina, aínda que este descenso se rexistrou de xeito máis acusado na poboación masculina. Desde 2021 ata a actualidade, o descenso da taxa de paro feminina é superior ao da masculina.

Unha característica do noso mercado de traballo é que as mulleres presentan unha taxa de paro máis elevada, o que constata que teñen maiores dificultades para atopar emprego. Porén, a diferenza respecto á taxa masculina vaise recortando progresivamente. Ao peche do ano 2025, a diferenza era de 0,49 puntos, é dicir, menos de medio punto, a menor desde 2015. Con respecto a 2009, a taxa de paro feminina caeu en 5,48 puntos.


No ano 2025, a taxa de paro das mulleres de 16 e máis anos é a máis baixa de toda a serie histórica nun peche de ano.

No último ano o número de mulleres desempregadas experimentou un descenso de 5.800 (-9,56%), mentres que o colectivo masculino incrementou o número de parados en 3.300 persoas. Con este último descenso no paro feminino, a EPA contabiliza en Galicia un total de 54.900 mulleres desempregadas, a menor cifra nun cuarto trimestre de toda a serie histórica.

Evolución da taxa de paro. Galicia



Poboación parada segundo o sexo. Galicia



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Datos en %.

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Miles de persoas.

2.6. INACTIVIDADE: EVOLUCIÓN

A POBOACIÓN INACTIVA FEMININA CAE NESTE ÚLTIMO ANO

Con respecto ás mulleres que non participan no mercado de traballo, neste ano 2025 atopámonos cun descenso de 19.200 persoas (-3,07%), logo do descenso rexistrado en 2024 e o repunte en 2023. En calquera caso, a visión global desde 2009 reflicte unha baixada das inactivas de 49.300 persoas (-7,35%).


O colectivo masculino presenta unha evolución oposta: os homes inactivos aumentaron no período 2009-2024 en 47.500. No último ano, soben en 500 persoas.

Os motivos alegados de inactividade da poboación difiren en relación ao sexo. En 2025, un 21,3% das mulleres está inactiva polo coidado de nenos, maiores ou outras responsabilidades familiares; un 43,1% por xubilación; e un 14,7% por estudos.

En relación con 2010, reduciuse case nun 40% o número de mulleres que permanecían inactivas por responsabilidades familiares, mentres que aumentaron as que o fan por xubilación (28%) ou por estudos (5%).


Estas razóns de inactividade feminina difiren sensiblemente das dos homes, para os cales a xubilación presenta un peso case 20 puntos superior ao das mulleres (en concreto, o 62,7% dos homes inactivos), mentres que as responsabilidades familiares apenas representan o 5,4%.

Poboación inactiva por sexo. Galicia



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Cuartos trimestres. Miles de persoas.

% Persoas inactivas por causa de non buscar emprego por sexo. Galicia 2025T4




Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

2.7 COMPARATIVA CON ESPAÑA: TAXAS


- ❑ A taxa de actividade das mulleres galegas de 16 a 64 anos en 2025 é máis de dous puntos superior á estatal. A diferenza coa taxa masculina resulta moito menor na nosa comunidade, sendo neste último ano de dous puntos e medio, mentres que no conxunto nacional esa diferenza elévase ata case oito puntos.
- ❑ A taxa de ocupación das mulleres galegas de 16 a 64 anos en 2025 é superior en máis de catro puntos á rexistrada no conxunto do Estado. Este feito incide nun maior nivel de igualdade na ocupación en Galicia por xénero: a diferenza da taxa de ocupación feminina (16 a 64 anos) respecto da masculina en Galicia é de 2,63 puntos a favor dos homes; no conxunto do Estado, a fenda elévase ata case os 9 puntos.
- ❑ En relación con España, a taxa de paro feminina de 16 e máis anos na nosa comunidade é inferior á do Estado en 2,73 puntos. En 2025, a diferenza entre a taxa masculina e a feminina en Galicia é de tan só 0,49 puntos, mentres que a fenda entre ambas as taxas no conxunto do Estado sitúase en 2,48 puntos.

Taxa de actividade (16-64 anos). 2025T4




Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en %.

Taxa de ocupación (16 a 64 anos). 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en %.

Taxa de paro. 2025T4



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Datos en %.


2.8 CONTRATOS REXISTRADOS

No ano 2025, en Galicia, da totalidade de contratos rexistrados (735.687), o 48,87% corresponden ao colectivo feminino, unha porcentaxe superior á nacional (46,83%).

No relativo ao tipo de contrato, en ambos os sexos é maioritario o contrato temporal a tempo completo. Non obstante, existe un sesgo notable entre homes e mulleres en canto á parcialidade. En Galicia, o contrato a tempo parcial (tanto indefinido como temporal) supón o 43,67% da contratación feminina, mentres que, no caso dos homes, esta proporción sitúase case 20 puntos por debaixo, no 24,37%.


A contratación indefinida supón o 29,03% dos contratos a mulleres, fronte ao 32,43% dos contratos a homes, cunha diferenza de 3,4 puntos a prol destes. Porén, esta diferenza é máis marcada no conxunto do Estado, con 7,72 puntos máis para os homes.

% Contratos por sexo. Galicia. Ano 2025



Fonte: SPEG.

% Contratos indefinidos por sexo. Ano 2025



Fonte: SEPE.

3. SALARIOS



3. SALARIOS


A MENOR FENDA SALARIAL DE XÉNERO DE TODA A SERIE HISTÓRICA DE DATOS

GALICIA TEN UNHA FENDA SALARIAL INFERIOR Á DE ESPAÑA

Segundo os datos da Axencia Tributaria para o ano 2024 (último dato dispoñible), os salarios medios anuais dos homes foron de 26.527 € fronte aos 21.821 € que percibiron as mulleres. Os datos desta estatística dan como resultado unha fenda salarial do 17,74% a prol dos homes. En España, esta fenda acada o 18,81%. Ao longo de toda a serie histórica, a fenda salarial galega sempre se situou por debaixo da española; en 2024 é de 1,07 puntos menos.

En calquera caso, a información contida na Axencia Tributaria permítenos constatar que a desviación salarial por xénero en 2024 é a menor rexistrada en toda a serie histórica de datos (desde 1999). De feito, no ano de inicio da crise económica (2008) a desviación salarial era do 25,47%, pero en 2004 chegou a acadar unha fenda do 27,41%.

Evolución da fenda salarial




Fonte: AEAT. Datos en %.

3. SALARIOS

Se atendemos á evolución desde 2019, é dicir, desde antes da pandemia, o salario medio anual das mulleres experimentou neste período un aumento moi superior ao dos homes: un 12,31% fronte a un 9,74%. Na evolución anual, desde 2017, o ritmo de crecemento dos salarios femininos foi superior ao dos masculinos, agás en 2022, cando estes superaron aos das mulleres en 0,15 puntos, situación que tamén se produce no conxunto do Estado. No ano 2024, de novo, os salarios das mulleres medran máis (4,71%) ca os dos homes (3,92%). O incremento porcentual feminino, do 4,71%, é algo menor ca o rexistrado en 2022 e 2023, e moi similar ao de 2021.


As ramas de actividade nas que as mulleres incrementaron o seu salario a un maior ritmo en 2024 foron as actividades propias do sector primario e os servizos de ocio e ás empresas. O ritmo de crecemento anual dos salarios femininos supera ao masculino na meirande parte das actividades económicas. Os salarios femininos máis elevados rexístranse nas actividades en entidades financeiras e aseguradoras, seguidas das industrias extractivas e dos servizos sociais.

% Variación anual dos salarios medios anuais por sexo. Galicia



Fonte: AEAT.

% Variación anual dos salarios femininos medios por sectores económicos. Ano 2024



Fonte: AEAT.

4. AS MULLERES NA EDUCAÇÃO



4.1.1 ELECCIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS

MAIOR PRESENZA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIAS MULLERES, PERO PRESENZA DESIGUAL DENTRO DAS DISCIPLINAS STEM


As mulleres teñen máis presenza ca os homes nas universidades galegas; isto reflíctese nos datos de estudantes matriculados: do total dos 50.527 estudantes matriculados en estudos de grao ou ciclos (diplomaturas ou licenciaturas) no curso 2024-2025, o 56,50% foron mulleres.

Estas supoñen unha maioría na meirande parte das áreas de ensinanza, sendo protagonistas indiscutibles nas titulacións tradicionalmente feminizadas, é dicir, nos campos relacionados coa educación, onde o 79,65% das persoas matriculadas son mulleres (dentro desta rama destaca a formación de docentes de ensinanza infantil, onde as mulleres representan o 86,63% do alumnado), así como na saúde e nos servizos sociais (75,34%); neste ámbito, as mulleres nos estudos de enfermaría acaparan o 81,83% das persoas matriculadas, e en medicina un 72,97%. Tamén teñen unha presenza moi significativa en artes e humanidades (67,87%).

Pola contra, son moi minoritarias en informática e nas enxeñarías, onde os homes representan o 80,27% e o 66,77%, respectivamente. Tamén nos servizos, sobre todo nos deportes, onde os homes teñen un peso do 76,38%.

Isto reafirma a hipótese de que a fenda de xénero existente nas disciplinas STEM non afecta ao conxunto dos estudos científicos (xa que nalgúns, como os relacionados coa saúde, existe incluso unha feminización), senón que se circunscribe especificamente á tecnoloxía e ás enxeñarías. A falta de formación no sector tecnolóxico e dixital, caracterizado por un crecemento continuado, pode supoñer unha perda de oportunidades laborais para as mulleres.

Alumnado matriculado en estudos de grao ou de 1º ou 2º ciclo en Galicia segundo rama de ensinanza por sexo. 2024-2025



Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes.
STEM: acrónimo de Science, Technology, Engineering and Mathematics (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).


4.1.2 ELECCIÓN DE ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

MENOR PRESENZA DE ESTUDANTES MULLERES NOS CICLOS FORMATIVOS DE FP

Con respecto á formación profesional, contrariamente ao que ocorre na universidade, atopámonos con máis alumnos homes que se decantan por esta opción formativa: o 56,72% do total do alumnado no curso 2023-2024. Esta situación reflíctese na meirande parte das familias profesionais.

Así, mentres que a presenza de alumnas supera amplamente a de alumnos nas familias profesionais vinculadas aos coidados, como os servizos socioculturais (77,11%), a sanidade (73,87%) ou a imaxe persoal (89,42%), a súa presenza é moi reducida cando se trata de ramas vinculadas á tecnoloxía e á técnica. Deste modo, a porcentaxe de estudantes matriculadas nas familias de electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, instalación e mantemento, e transporte e mantemento de vehículos mantense por debaixo do 10% do total de persoas matriculadas nesas familias.

Alumnado matriculado en formación profesional segundo a familia profesional por sexo. Galicia 2023-2024



4.2 ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN


O ABANDONO TEMPERÁN FEMININO PASOU DO 15% NO ANO 2008 AO 7,23% NO 2025

No ano 2025, o abandono temperán da educación entre as mulleres galegas sitúase nun 7,23%. No último ano rexistrou un aumento de 0,72 puntos; este incremento contrasta co descenso rexistrado entre os homes, nos que o abandono educativo descendeu respecto a 2024 en 1,51 puntos. En todo caso, os homes seguen a rexistrar unha proporción superior de abandono temperán (13,5%).

Se nos centramos nos últimos 17 anos, constatamos unha redución en ambos os sexos, aínda que foi moito máis favorable para os homes. Deste xeito, a baixada das mulleres foi de 7,75 puntos, mentres que nos homes o descenso foi de 18,52 puntos.


Respecto de España, tamén aquí existen diferenzas por sexo e o abandono temperán incide máis nos homes, aínda que a diferenza é menos acusada. En calquera caso, a proporción de abandono escolar é bastante máis elevada en España ca en Galicia en ambos os sexos.

Abandono educativo temperán por sexo. Galicia



Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. Datos en %.

Abandono educativo temperán segundo o sexo.
Ano 2025



Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. Datos en %.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Xacobeo  2027